Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Xogos

[Xogo] De codín e de codán

Xogo entre dúas persoas consistente en poñerse un deles, ou sexa, o penitenciado, debruzado no chan e darlle ao outro cobadazos e puñazos nas costas, ao son desta fórmula “De codín e de codán e da cabra cordobán; barquilleiro, barqueilleiro, cantos dedos hai no medio?

Acabada a fórmula, apoia o mallador a punta do cóbado no lombo do penitenciado, levantddno a man e ensinando aos circunstantes dedos a vontade, cuxo número, se acerta o da penitencia, queda libre, e se non acerta, repítese o entremés.

BIBLIOGRAFÍA

Valladares Núñez, Marcial (1884): Diccionario gallego-castellano, Santiago de Compostela.